

(M. Dóñez)

A Cruña
28.V.76

Maruxa e Luis Seoane
Buenos Aires

Meus amigos benqueridos:

Como vos prometín na miña derradeira, aínda que non dentro do prazo anunciado, daréivos conta do estado que mantén o Museo Maside na actualidade. Pasaron as festas das Letras - que pra min supuxeron a confección dunha "Escolma" pra Galaxia, dúas conferencias e xestións académicas a oito-~~e~~ teño xa algún vagar pra ir despachando o traballo atrasado. E ista carta era unha das miñas preocupacións. E, sin máis preámbulos, vaíamos ao choio.

Como ben sabedes, a escritura de constitución do Museo foi otorgada cando aínda estábades eiquí. Polas mesmas razóns, tamén sabedes que, elevada ao Ministerio de Educación, foi devolta pra seren completada nalgúns extremos, o máis importante o da fixación dun capital fundacional. Pois ben, ao Isaac ocurriuselle constituir a dotación económica do Museo cedéndolle ao mesmo determinado número de participacións sociais que "Cerámicas del Castro" tiña en "Cerámicas de Sargadelos". Consultado o caso, dixémoslle do perigo que tal propósito pechaba en sí. Que non era outro que o dun posible exercicio do dereito de retracto que, sobor das devanditas participacións, poidera actuar calquera dos socios de "Sargadelos", ao que tería acceso con arreglo á lei e aos estatutos sociais. E pra obviar tal dificultade ao noso amigo -fecundo sempre en solucións- ocurriuselle que, logo de notificarlles á totalidade dos socios de "Sargadelos" a prolectada transmisión, ístes respostaran aceptándoa condicionalmente, é decir, pra o caso de que ningún deles intentara o retracto das participacións, porque, de non ser así, todos, sin excepción, exercitarían aquél dereito, retraéndoa proporcionalmente ao número das que xa tivera cada ún deles.

Pois ben; as nosas previsións, desgraciadamente, cumplíronse. E Rey Romero, Pepito, no intre de lle ser notificado o propósito de "Cerámicas del Castro", como socio de "Sargadelos" anunciou notarialmente o seu desexo de retraer as devanditas participacións sociais. E ao non levar a cabo "Sargadelos" a transmisións das participacións sociais ao retrainte, iste demandouna xudicialmente en procura da satisfacción do seu dereito. E nós, valéndonos de tácticas procesais ao noso alcance, imos demorando a nosa contestación á demanda do Pepito -firmada por Iglesias Corral- co fin de ganar tempo pra que os restantes socios de "Sargadelos" poidan, á súa vez, exercitar tamén o retracto demandando, non soio á sociedade, sinon tamén ao Pepito pra que se aveñan a que o retracto se leve a cabo proporcionalmente ao número de participacións que cadaquén representa en "Sargadelos".

Como veredes, unha notable interquencia. E un mal menor. Pero, ao fin, un mal. E, dende logo, un fracaso en canto impide definitivamente o propósito de constituir a dotación económica do Museo pola vía que o Isaac ellexiu. Lamentable.

Sin máis por hoxe, unha cinguidísima aperta do voso,

Dóñez